

**Expediente 17422/407**

Asunto: Comisión de servizos para prover o posto de inspector de urbanismo, en tanto non se conclúe a dotación pola execución da Oferta de Emprego Público 2021-2022.

RESOLUCIÓN

Visto o informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, conformado polo Xerente con data 20.01.2025, fiscalizado de conformidade polo Interventor, no uso das facultades que me outorgan os artigos 5.1.k) e 7 dos vixentes Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (texto íntegro publicado no BOP de 6 de outubro de 2010) e a delegación do Presidente de data catro de xullo de 2023 (publicada no BOP de 14.07.2023),

RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar a provisión, mediante comisión de servizos, do posto de Inspector/a de Urbanismo, cos seguintes elementos (conforme a relación de postos vixente, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 250 de 30.12.2020):

- * *Código:* 423.08.
- * *Denominación:* Inspector de Urbanismo.
- * *Complemento de destino:* 20.
- * *Complemento específico:* 14.247,52 euros/ano (actualizado ó exercicio 2024).
- * *Grupo, escala, subescala:* C1, Administración Especial, Técnica Auxiliar.
- * *Titulación requirida:* Bacharelato superior, Formación Profesional II ou equivalente.
- * *A efectos desta comisión de servizos:* Achegarse o currículo académico e profesional.
- * *Duración máxima da comisión de servizos:* Un ano como máximo (prorrogable por un ano máis).

Segundo.- Publicar esta resolución na web municipal (ofertas de emprego), para que os funcionarios en propiedade deste Concello de Vigo (C1 de Administración Especial) interesados, presenten a súa solicitude no prazo de cinco días hábiles, dirixida ó Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Vigo, na data da sinatura electrónica

María José Caride Estévez, Concelleira Delegada de Urbanismo e Vivenda

DOU FE, José Villán Fuertes, Secretario XMU